camiño escena norte

Proxecto de intercambio cultural por medio das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra.

2022

Programación Oficial
10.09 > 09.10

PROGRAMACIÓN EN **GALICIA**

O Itinerario Constelacións

O eixo vertebrador do proxecto: un itinerario de funcións de teatro, danza e novo circo baseado no intercambio entre as cinco Comunidades implicadas en Camiño Escena Norte.

- As funcións poden transcorrer en espazos escénicos -Constelacións Escenario (CE)- ou en espazos de interese patrimonial e histórico -Constelacións Patrimonio (CP)-.
- Ver actividades relacionadas cos espectáculos no Camiño Expandido.

Kimera

→ La Banda Teatro Circo (Navarra)

Todos os públicos

Sábado 10 de setembro. 20:00 h
› (CP) Praza da Quintana, Santiago de Compostela [Plan B en caso de mal tempo: Salón Teatro. Rúa Nova, 34]
› Entrada libre e de balde (ata completar capacidade no caso do Salón Teatro)

La niña de las trenzas al revés

Adaptación sobre un conto de Iris Díaz Trancho

→ El Callejón del Gato (Asturias)

Público infantil e familiar

Sábado 17 de setembro. 18:00 h
› (CP) Capela da Madanela, Arzúa
› Entrada libre e de balde ata completar capacidade

Fake. Trampantojo

de David Caíña

→ Erre Produkzioak (Euskadi)

Público adulto

Xoves 29 de setembro. 20:30 h
› (CE) Auditorio Municipal Gustavo Freire, Lugo
› Entrada libre e de balde ata completar capacidade

Del otro lado

de Blanca del Barrio

→ Escena Miriñaque (Cantabria)

Público infantil e familiar

Domingo 2 de outubro. 18:30 h
› (CE) Auditorio Municipal Gustavo Freire, Lugo
› Entrada libre e de balde ata completar capacidade

Mímesis

de Estrella García e Miguel Quiroga (autoría/coreografía)

→ Zig Zag Danza (Asturias)

Público infantil e familiar (espectáculo para primeira infancia, recomendado 0-3 anos)

Venres 7 de outubro. 18:00 h
› (CE) Auditorio Casa da Cultura do Milladoiro, Ames
› Retirada de convites en www.abilleteira.concellodeames.gal. Máis información no teléfono 662 377 444 e en cultura@concellodeames.gal

Sábado 8 de outubro. 18:00 h
› (CE) Auditorio Municipal Carmen Estévez, Vilalba
› Entrada libre e de balde previa reserva por medio de www.entradasvilalba.es

El enjambre

de Kepa Arrasti

→ Vaivén Producciones (Euskadi)

Público adulto

Sábado 8 de outubro. 20:30 h
› (CE) Teatro Pastor Díaz, Viveiro
› Reserva de entradas no teléfono 982 560 162 ou en rbg.cultura@viveiro.es. Recollida o día da función no despacho de billetes dende as 19:30 h. Prezos: 5 € (3 € estudantes e persoas xubiladas)

Beautiful Stranger

de Ion Iraizoz

→ La Caja Flotante (Navarra)

Público adulto

Sábado 8 de outubro. 20:45 h
› (CE) Salón de actos do Pazo da Cultura, Carballo (en colaboración co FIOT)
› Información sobre compra e recollida de entradas en www.fiot.gal. Prezo: 5 €

El secreto de Julio Verne

de Irene Santos

→ Fantastique Company (Asturias)

Público infantil e familiar

Domingo 9 de outubro. 18:30 h
› (CP) Andar -1 do Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela.
› Entrada libre e de balde ata completar capacidade

O Camiño Expandido

A programación expandida de Camiño Escena Norte abrangue toda a actividade fóra do itinerario de funcións como eixo vertebrador, rodéao e compleméntao multiplicando os seus efectos a nivel de relación cos públicos, encontro, mediación, dinamización profesional e sectorial.

- Actividades na provincia da Coruña subvencionadas pola Deputación da Coruña.
- Actividades de balde agás no caso do encontro profesional Habitación Peregrina PRO.

CRUZAMENTOS

Cruzamentos é unha rede de estancias de intercambio escénico, artístico e profesional entre Galicia, Principado de Asturias, Cantabria e Euskadi.

Intercambio seleccionado para a estancia en Galicia: Proxecto 'Iribarne' entre ButacaZero (Galicia) e Hika Teatroa (Euskadi).

HABITACIÓN PEREGRINA PRO

Entre o 13 e o 15 de setembro no Centro Cultural O Vello Cárcere de Lugo terá lugar a terceira edición de Habitación Peregrina PRO, encontro profesional de artes escénicas de Camiño Escena Norte.

Centrado en conectar aos diferentes axentes do sector nas 5 Comunidades participantes no proxecto, esta iniciativa ten o formato dun encontro profesional cuns focos de interese moi claros: o encontro e sinerxías entre compañías e creadores e creadoras, a reflexión e formación arredor dalgúns dos retos que afronta o sector escénico e as posibilidades de promoción, visibilización e distribución das compañías nos distintos territorios de Camiño Escena Norte.

ENCONTROS CO PÚBLICO

Os encontros co público conforman unha acción de acompañamento e de relación cos públicos das funcións do itinerario. Un tempo para compartir entre artistas e público asistente, nunhas actividades acompañadas por creadores e creadoras do territorio en calidade de anfitrións/anfitrioas das compañías en xira.

- *LA NIÑA DE LAS TRENZAS AL REVÉS, adaptación sobre un conto de Iris Díaz Trancho - El Callejón del Gato (Asturias).*
  Público infantil e familiar.

  Sábado 17 de setembro.
  Ao remate da función. Encontro coas familias asistentes.
  Acompaña: Celtia Figueiras (A Xanela do Maxín).

- *FAKE. TRAMPANTOJO, de David Caíña - Erre Produkzioak (Euskadi).*
  Público adulto.

  Xoves 29 de setembro.
  Ao remate da función. Encontro co público asistente.
  Acompaña: Anxo Manoel (Lucecús Teatro).

- *DEL OTRO LADO, de Blanca del Barrio - Escena Miriñaque (Cantabria).*
  Público infantil e familiar.

  Domingo 2 de outubro.
  Ao remate da función. Encontro coas familias asistentes.
  Acompaña: Paloma Lugilde (Producións Paloma Lugilde).

- *MÍMESIS, de Estrella García e Miguel Quiroga (autoría/coreografía) - Zig Zag Danza (Asturias).*
  Público infantil e familiar (espectáculo para primeira infancia, recomendado 0-3 anos).

  Venres 7 e sábado 8 de outubro.
  Ao remate da función. O espectáculo inclúe un pequeno encontro coas familias asistentes, guiado pola compañía.

- *BEAUTIFUL STRANGER, de Ion Iraizoz - La Caja Flotante (Navarra).*
  Público adulto.

  Sábado 8 de outubro.
  Ao remate da función. Encontro co público asistente.
  Acompaña: Sonsoles Cordón (Olivas Negras).

- *EL SECRETO DE JULIO VERNE, de Irene Santos - Fantastique Company (Asturias).*
  Público infantil e familiar.

  Domingo 9 de outubro.
  Ao remate da función. Encontro coas familias asistentes.
  Acompañan: Alba Bermúdez e Tone Martínez (Galeatro).

COLOQUIOS EN LIÑA

A programación en liña da presente edición constará de 5 coloquios na semana do 5 ao 9 de setembro ás 20:00 h (por medio das nosas RRSS), nos que coñeceremos ás 15 compañías que xirarán dentro do Itinerario Constelacións, as características dos espectáculos que presentan e o seu percorrido dentro da programación.

Encontro profesional Habitación Peregrina PRO. Edición 2021.

ESADS EN CAMIÑO

Un novo proxecto de colaboración e de intercambio profesional e educativo entre Camiño Escena Norte e as escolas superiores ESAD de Galicia, ESAD de Asturias e ESADD de Euskadi-Dantzerti. En 3 das funcións do noso itinerario (Xixón o 18 de setembro, e Bilbao + Santiago de Compostela o 9 de outubro) poremos en contacto a alumnado das ensinanzas artísticas coas compañías profesionais en xira con encontros, accións compartidas, visitas e obradoiros, co obxectivo de tender pontes entre o eido educativo e a acción escénica profesional.

INFORMACIÓN ACTUALIZADA SOBRE QUEN SOMOS E PROGRAMACIÓN COMPLETA EN:

www.escenanorte.com

PROMOVE:

PATROCINADOR OFICIAL:

FINANCIA:

COLABORA: